



MÁIS QUE UN TEITO

PROGRAMA

XUSTIFICACIÓN:

A familia ten unha función clave na socialización do individuo e contribúe decisivamente ao seu desenvolvemento social, emocional e cognitivo. A investigación desenvolvida ao longo das tres últimas décadas sinala que os pais/nais ou titores, así como outros membros da familia, exercen unha influencia maior da que se cría ata agora na conduta dos/das nenos/nenas e nos estilos de vida dos/das adolescentes, en xeral e en todo o relacionado coas drogas. Na familia adquirense e desenvólvense as actitudes, crenzas, valores, hábitos, estilos de vida e comportamentos que influirán no modo en que os/as fillos/as se enfronten á vida e, por tanto, a actuación familiar pode contribuír a evitar o desenvolvemento de problemas relacionados coas drogas.

OBXECTIVOS:

- Mellorar as habilidades educativas, de xestión e de comunicación dos pais, nais ou titores que reciben a intervención.
- Promover e reforzar os factores de protección familiar, ao tempo que se pretende reducir o impacto dos factores de risco relacionados con este ámbito.
- Mellorar a calidade da información sobre drogas de que dispoñen os pais/nais.
- Mellorar a habilidade dos participantes para o desenvolvemento de pautas consistentes de xestión familiar.
- Mellorar as actitudes educativas dos pais/nais.
- Mellorar as actitudes preventivas dos pais/nais.

DESTINATARIOS:

Pais/nais ou titores con fillos/as en idade escolar, é dicir, con idades comprendidas entre os 5 e os 18 anos.

METODOLOXÍA:

O programa desenvolverase nos centros escolares, en formato charla.

DURACIÓN:

É aconsellable que as charlas teñan unha duración mínima de unha hora e media. No obstante, o programa pódese adaptar ao interese e demanda do centro escolar.

CONTIDOS/CHARLAS:

- A familia como factor protector fronte as drogas.
- Normas e límites.
- Resolución de conflitos.
- Comunicación.
- Autoestima.
- Qué deben saber os pais/nais sobre as drogas?.
- Adolescentes tecnoloxicamente sans.